



## Teaching Guide

Identifying Data					2016/17
Subject (*)	Actividade física no medio natural	Code	620G01039		
Study programme	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Fourth	Obligatoria	6	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Educación Física e Deportiva				
Coordinador	Gomez Varela, Joaquin	E-mail	joaquin.gomez.varela@udc.es		
Lecturers	Gomez Varela, Joaquin	E-mail	joaquin.gomez.varela@udc.es		
Web					
General description	<p>A asignatura Actividade Física no Medio Natural, pertencente ao módulo 5 ?Ensinso da Educación Física? do título de Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, introduce ao estudante ao coñecemento daquelas actividades que, con carácter educativo, recreativo, deportivo ou turístico, teñen lugar en espazos abertos o aire libre ou escasamente modificados pola man do ser humano.</p> <p>As actividades na natureza representan desde a orixe da educación física un recurso relevante como instrumento para o desenvolvemento integral das nenas e nenos, como así se pode observar no propio Manifesto da Educación Física en 1970, cando fai referencia ao concepto xeral da Educación Física como ?parte da educación que utiliza de unha maneira sistemática as actividades físicas e a influencia dos axentes naturais: aire, sol, auga, etc., como medios específicos?.</p> <p>Acomodada esta conceptualización a unha contexto determinado, revísase a súa visión no manifestó do ano 2000, no que a Educación Física conéctase co resto de elementos e cuestións universais, como o medio ambiente e a súa problemática, intrincándose para establecer unha íntima relación que chega ata os nosos días. Así póis, o seu capítulo XIX versa integramente sobre a Educación Física e as responsabilidades ante o medio ambiente. Así pois a Educación Física beneficiase dos ambientes naturais, e ao mesmo tempo a través de esta o considera e trata de melloralo, como movemento coherente coa Axenda 21.</p> <p>Deste xeito, hoxe en día estas prácticas forman parte do curriculum da Educación Física como asignatura, contribuíndo ademais ao aprecio pola natureza e ao desenvolvemento dunha conciencia ecolóxica.</p> <p>Por outra banda, tamén se aprecia un incremento das prácticas deportivas no medio natural no ámbito recreativo, deportivo e turístico desde finais do século XX; corrente que se mantén na actualidade, reflexada nas abundantes referencias científicas, de divulgación, regulacións, plans de formación, etc, ao que a formación de una graduada ou grado en ciencias da actividade física e o deporte non pode ser allea.</p> <p>Así pois, as prácticas deportivas no medio natural, polo seu vínculo coa actividade física representan un área de desenvolvemento profesional importante no que desenvolver a súa labor as graduadas e graduados en ciencias da actividade física e o deporte.</p> <p>Fruto de todo isto, o título de Grao recolle, a través das competencias A16, A17 e A21, o deseño, planificación, programación e realización de actividades físicas e deportivas nos medios naturais, que se convirten de este xeito na referencia principal para o desenvolvemento desta guía docente.</p>				

## Study programme competences

Code	Study programme competences
A1	Comprender os beneficios do deporte como experiencia de lecer para ser capaz de incluír os indicadores fundamentais na planificación e atender os mesmos no desenvolvemento da práctica de lecer, considerando o xénero, a idade e a discapacidade, e analizando con enfoque crítico as estratexias de discriminación positiva.
A2	Comprender os procesos históricos das actividades físico-deportivas e a súa influencia na sociedade contemporánea, estudando o caso de España e Galicia, e a presenza diferenciada dos homes e das mulleres.
A10	Coñecer os distintos niveis da lexislación educativa e aplicar os fundamentos básicos que promove en canto á Planificación e Programación Didáctica da Educación Física nas etapas educativas.



A16	Deseñar, programar e desenvolver actividades esenciais da motricidade humana: o xogo, a danza e a expresión corporal, o exercicio e as actividades no medio natural, no ámbito educativo, recreativo e da actividade física e saúde, promovendo a igualdade de dereitos e oportunidades e evitando a exclusión en función do xénero e a discapacidade.
A17	Programar e desenvolver actividades físico-deportivas no medio natural, no contexto educativo e recreativo, favorecendo a participación á que todos teñen dereito e evitando a invisibilidade por razóns de xénero ou discapacidade.
A21	Deseñar, planificar e realizar actividades físicas e deportivas en lugares ou espazos que implican un risco intrínseco: no medio acuático, na neve ou outros do medio natural ou con animais.
A25	Identificar e comprender os requisitos psicomotores e sociomotores das habilidades deportivas, executando basicamente as habilidades motrices específicas dun conxunto de deportes, considerando as diferenzas por xénero.
A29	Identificar os riscos para a saúde que se derivan da práctica de actividade física insuficiente e inadecuada en calquera colectivo ou grupo social.
A30	Aplicar técnicas e protocolos que lle permitan asistir como primeiro interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia, aplicando, de ser necesario, os primeiros auxilios.
A33	Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva no contexto educativo, deportivo, recreativo e da actividade física e saúde.
B2	Resolver problemas de forma eficaz e eficiente no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersoal e traballo en equipo.
B6	Dinamizar grupos nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B10	Saber aplicar as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
B14	Comprender e aplicar a lexislación vixente relativa ao marco das actividades físicas e deportivas nos distintos ámbitos: educación, deporte, xestión, lecer e saúde.
B15	Comprender e saber utilizar as importantes posibilidades que a educación física e o deporte teñen para xerar hábitos sociais e valores democráticos (coeducación de xéneros, respecto á diversidade social e cultural, cooperación, competición respectuosa, compromiso co contorno?).
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Coñecer e analizar o significado das AFMN, tanto na súa evolución, coma no contexto deportivo e social na actualidade	A1 A2 A10	B14	
Seleccionar e saber utilizar o equipamento individual e de grupo para o disfrute das AFMN, atendendo as diferentes condicións nas que se desenvolvan, así como as normativas con elas relacionadas	A33		
Coñecer e aplicar axeitadamente as técnicas básicas de orientación, progresión, e condución de grupos nos diferentes tipos de entornos naturais, atendendo aos principios de seguridade e sostenibilidade	A25 A33		
Interpretar os diferentes entornos naturais como soporte ambiental para o desenvolvemento das prácticas físico-deportivas, así como os seus elementos estruturais e as dinámicas que se establecen entre eles durante a práctica deportiva	A17	B15	
Determinar as medidas de sostenibilidade precisas en relacionadas coa práctica e organización de actividades físico-deportivas no medio natural.		B19	C4
Evaluar o rol de responsable, dinamizador e formador na práctica profesional das actividades no medio natural, atendendo ás peculiaridades psico-sociales e ambientais nas que teñen lugar		B19	
Xestionar os riscos para a saúde e a integridade que se derivan da practica inadecuada das actividades físico-deportivo no medio natural en calquer colectivo, e aplicar técnicas e protocolos que lle permitan asistir como primero interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia, aplicando, de ser necesario, os primeiros auxilios	A29 A30	B2 B19	



Aplicar as habilidades ou competencias docentes que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe nos diferentes entornos nos que teñen lugar as actividades físico-deportivas no medio natural, co necesario grao de seguridade, sostenibilidade e éxito no seu desenvolvemento		B11 B14	
Elaborar propostas curriculares sobre as actividades físico-deportivas no medio natural para as distintas etapas da ensinanza obligatoria, desenvolvendo os elementos da programación didáctica da área de Educación Física, con arranxo á lexislación vixente e ó proxecto educativo de centro.	A16 A17	B14 B15	C3
Elaborar programas de actividades físico-deportivas nos entornos naturais, nos ámbitos recreativo e turístico con arranxo á lexislación vixente, e de acordó cos principios de seguridade e sostenibilidade.	A16 A21	B4 B6 B10	C3
Coñecer e comprender diversas AFMN como recursos facilitadores do desenvolvemento e disfrute persoal nos ámbitos educativo, recreativo e turístico	A17 A25 A29 A33		

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 0. Presentación do programa	0.1.. A asignatura Actividade Física no Medio Natural no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e o seu desenvolvemento
Tema 1. Introducción ás Actividades Físicas no Medio Natural (AFMN)	1.1. Evolución e desenvolvemento das prácticas físico-deportivas no medio natural.  1.2. As actividades físico-deportivas no medio natural: ¿a qué facemos referencia?: Contextualización e conceptualización.  1..3. Motivos para a desenvolvemento das AFMN, e justificación para o seu desenvolvemento.  1.4. As AMN no contexto educativo: Marco normativo e curricular.  1.5. As AMN no contexto recreativo e turístico: Marco normativo e de xestión
Tema 2. Actividades de aire libre e fundamentais no medio natural	2.1. Permanencia nos entornos naturais: equipamento, satisfacción das necesidades básicas para a permanencia na natureza e pernocta.  2.2. Moverse na natureza, técnicas de progresión e condución de grupos por sendeiros e itinerarios de baixa e media montaña  2.3. Orientación no medio natural: Balizas, cartografía, busolas e GPS, e o seu uso no recorrido dun itinerario pola natureza
Tema 3. Entornos naturais: Coñecemento, interpretación, uso e impacto en relación as AFMN	3.1. O Medio natural: Elementos, interpretación da paisaxe e interpretación do medio ambiente  3.2. O clima e a meteoroloxía e a súa influencia sobor das AFMN  3.3. Las AFMN sostenibles: Integración da educación ambiental y das estrategias de minimización dos impactos nas AFMN



Tema 4. Seguridade nas AFMN: pautas de prevención e actuación	<p>4.1. Seguridade e risco nas AFMN: Elementos e variables que inciden no desenrolo das AFMN</p> <p>4.2. Xestión do risco nas AFMN: Aspectos normativos e procedimentáis</p> <p>4.3. Protocolos e medidas de actuación ante accidentes no medio natural</p>
Tema 5. Programación en desenvolvemento das AFMN no ámbito educativo, recreativo e turístico	<p>5.1. Programación e desenvolvemento das AFMN no entorno escolar</p> <p>5.2. Programación e desenvolvemento de actividades campamentáis e de aire libre para a xuventude.</p> <p>5.3. Programación e desenvolvemento das AFMN no marco do Turismo Activo</p>
Tema 6. Prácticas deportivo-recreativas no medio natural	<p>6.1. Practicas deportivas de progresión fundamentalmente no medio terrestre.</p> <p>6.2. Prácticas deportivas de progresión fundamentalmente no medio acuático.</p> <p>6.3. Prácticas deportivas multiaventura.</p>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A2 A1 A10 A16 A33 B15	19	19	38
Physical exercise	A21 A25 A29 A30 A33 B2 B4 B6 B11	13	13	26
Field trip	A16 A17 A21 A25 A29 A30 A33 B2 B4 B6 B10 B11 B14 B19 C4	16	16	32
Supervised projects	A16 A17 A21 B4 B10 C3	0	21	21
Workbook	A1 A29	0	5	5
Mixed objective/subjective test	A2 A1 A10 A25 A30 A33 B2 B14	2	0	2
ICT practicals	A16 A17 A21 B10 C3	0	15	15
Laboratory practice	A25 A33 B2 B11 B19	5	0	5
Personalized attention		6	0	6

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. O desenvolvemento da participación nestas sesión poderá conlevar a presentación de tarefas e participación en avaliacións a través da plataforma Moodle, e que formarán parte da avaliación continua na participación nas sesión teóricas</p>



Physical exercise	Actividades desenvolvidas tanto no espazos da Universidade da Coruña, como nos entornos naturais próximos a Facultade de Ciencias do Deporte (praia, monte, campo, etc.). Consistentes no desenvolvemento de actividades físicas e deportivas relacionadas coas habilidades fundamentais e específicas características das AFMN. O desenvolvemento da participación nestas sesións poderá conlevar a presentación de tarefas e participación en avaliacións a través da plataforma Moodle, e que formarán parte da avaliación continua na participación nas sesións prácticas.
Field trip	Actividades desenvolvidas en entornos naturais, relacionadas co ámbito de estudo da materia; centradas no desenvolvemento de capacidades relativas ó deseño, organización e posta en práctica de actividades físicas no medio natural con carácter educativo/recreativo/deportivo/turístico, tendo en conta os principios de seguridade e sustentabilidade ambiental das mesmas. Antes, durante e despois das mesmas os estudantes levarán a cabo unha serie de tarefas que formarán parte da avaliación continua en relación á participación na asignatura.
Supervised projects	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. Vincularáanse principalmente as prácticas de actividade física e as saídas de campo. Implicará o desexo dunha actividade no medio natural; véase o caso dun roteiro, no que se aplicarán os diferentes coñecementos teóricos e competencias prácticas plantexadas ao longo dos diferentes temas. Dito traballo implicará tanto o desenvolvemento e entrega de tarefas relacionadas, ao longo do cuatrimestre, ao longo as salidas formativas relacionadas, e como documento completo ao finalizar o cuatrimestre formando parte da calificación final.
Workbook	Representan a lectura e reflexión sobre diferentes tipos de textos en papel ou formato digital, que poderá implicar a presentación dun entregable, evaluable no cómputo da avaliación continua
Mixed objective/subjective test	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
ICT practicals	Participación a través da plataforma Moodle, que implicará o desenvolvemento de tarefas de deseño de actividades e proxectos, acceso e trabalo con contidos e aplicacións da rede. Xestión da súa evolución na adquisición de competencias e aprendizaxes.
Laboratory practice	Proceso de ensinanza orientado á aprendizaxe do alumnado mediante a realización de actividades de carácter práctico a través das que se propoñen situacións que requiren ao estudante identificar un problema obxecto de estudo, formulalo con precisión, desenvolver os procedementos pertinentes, interpretar os resultados e sacar as conclusións oportunas do traballo realizado.

## Personalized attention

Methodologies	Description
Supervised projects	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.  Os/as estudantes disporán tanto das horas de tutoría particular, como das horas de tutoría grupal para consultar ou ser asesorados polo profesor de cara ao desenvolvemento da asignatura  De igual xeito facilitarase a través das tutorías presenciais ou virtuais a atención aos estudantes con Matrícula de Asistencia Parcial.



Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Guest lecture / keynote speech	A2 A1 A10 A16 A33 B15	Participación no 70% das sesións	7
Physical exercise	A21 A25 A29 A30 A33 B2 B4 B6 B11	Participación no 70% das sesións	7
Field trip	A16 A17 A21 A25 A29 A30 A33 B2 B4 B6 B10 B11 B14 B19 C4	Participación nunha saída a un espacio natural/Traballo alternativo, no se os/as estudantes poderarn levar a cabo tarefas de toma de datos, asunción de roles de participante, conductor de actividade, organizador, etc, sobre o que poden ser solicitado entregables como soporte para a avaliación da súa participación. Atenderá para elo aos criterios de ajuste da súa actuación as esixencias das tarefas, aspectos formais na presentación do entregable, e pertinencia, contido e fundamentación dos mesmos a través das correspondentes referencias bibliográficas.	10
Supervised projects	A16 A17 A21 B4 B10 C3	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. O entregable consistirá nun documento que será avaliado en relación aos aspectos formais e de presentación, desenvolvemento do seu contido en relación ao traballo propósto na planificación, organización e deseño dunha actividades no medio natural.	25
Mixed objective/subjective test	A2 A1 A10 A25 A30 A33 B2 B14	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.	40
Laboratory practice	A25 A33 B2 B11 B19	Participación no desenvolvemento de estudos ou proxectos de investigación relacionados cos contidos e actividades da asignatura	6
ICT practicals	A16 A17 A21 B10 C3	Desevolvemento de tarefas e avaliacións sobre a plataforma Moodle relacionadas con sesión maxistráis, prácticas e as saídas de campo.	5

## Assessment comments



## PARTICIPACIÓN

- Enténdese por participación nás actividades de saídas de campo, práctica de actividade física ou sesión maxistral ao desenvolvemento en prazo e forma das tarefas que se prantexen en relación ós contidos relacionados coas sesións. O non cumprimento do 70% da asistencia pode implicar a non superación da asignatura, constando o estudante como "Non Presentado" na calificación final. Dita falta de participación pode inhabilitar igualmente para a superación da asignatura na segunda oportunidade ou sucesivas convocatorias, ata que esta se cumpla.

## SAÍDAS DE CAMPO

- Nas dúas primeiras semanas do cuatrimestre os estudantes confirmarán a súa participación na/s saída/s de campo o bien no desenvolvemento dun traballo alternativo sobre a programación dunha saída organizada en un espazo natural (dito traballo desenvolverase atendendo aos mesmos criterios que os traballo tutelados). De igual xeito, no caso de que algún estudante por enfermidade, lesión o impedimento xustificado non poda participar nalgunha das saídas de campo levadas a cabo desde a asignatura, poderá tomar parte nesta avaliación alternativa.

- Trataráse de garantir ao todos os/as estudantes que opten pola avaliación sobre saídas de campo, a participación polo menos nunha delas. Se por algún motivo non se poidera levar a cabo algunha delas, poderá modificarse a data de realización, ou será permutada por outra actividade que trate de respostar aos mesmos obxetivos plantexados para aquela.

- En calquer caso, se un estudante non participa na saída que ten asignada sen xustificación algunha (médica, administrativa, académica), pasará á opción de avaliación sen saída de campo.

A superación deste apartado manteráse de cara a 2ª oportunidade, e sucesivas convocatorias, en canto se manteña a presente distribución metodolóxica, avaliacións e calificación na guía docente correspondente.

## TRABALLOS TUTELADOS

- A elaboración dos traballos tutelados que atendan ao deseño e/ou desenvolvemento dun proxecto de actividade no medio natural, terá como referencia as pautas desenvoltas no discorrir da propia asignatura, e ademáis as seguintes normas nos casos nos que sexa pertinente:

UNE-ISO 21500

AENOR EA 0031

UNE-EN 31010

UNE-EN 62198

UNE-EN ISO 9001

UNE-EN ISO 9001:2008/AC

UNE-ISO 21101

UNE-ISO/TR 21102 IN

UNE-ISO 21103

UNE-ISO 31000

UNE-ISO Guía 73 IN

Consideraránse igualmente las normativas correspondientes as empresas de turismo activo, actividades de aire libre para a xuventude, currículo para secundaria y bachillerato, campamentos de turismo e outras cuia aplicación sexa pertinente en relación ao tipo de actividade que se plantexe.

A calificación dos traballos se distribuirá de maneira xeral, e sen prexudicio de unha maior precisión en función do traballo, en relación aos seguintes elementos e criterios:

Contextualización e fundamentación: 20%

Plantexamento e desenvolvemento (Inclusión e aplicación dos diferentes elementos e ferramentas adquiridas na asignatura): 60%

Aspectos formais (Normas APA, 6ª) e estruturais: 20%

Atendendo igualmente á normativa da UDC, calquer traballo que na súa totalidade ou en parte conteña contidos copiados de outros traballos publicados ou non publicados, de internet, etc. será considerado como suspenso.

A superación deste apartado manteráse de cara a 2ª oportunidade, e sucesivas convocatorias, en canto se manteña a presente distribución metodolóxica, avaliacións e calificación na guía docente correspondente.

## PROBA MIXTA

A proba mixta terá lugar nas datas asignadas no calendario oficial, como parte de avaliación final da asignatura. Esta proba poderase levar a cabo ben sobre papel, ou ben na plataforma Moodle, para o que @s estudantes deberán traer e utilizar o seus propios ordenadores portátiles ou tabletas dixitais.

As diferentes preguntas ou tarefas desta proba mixta distribuiránse de maneira ponderada considerando os diferentes temas, prácticas ou traballos

da asignatura, tendo como requisito o superar cada unha das partes diferenciadas para superar esta proba de avaliación.

O idioma da asignatura será o de impartición da asignatura; facilitarase noutro idioma aos estudantes que o soliciten con dúas semanas de antelación.

A superación deste apartado manterase de cara a 2ª oportunidade, e sucesivas convocatorias, en canto se manteña a presente distribución metodolóxica, avaliacións e calificación na guía docente correspondiente.

#### PRACTICAS DE LABORATORIO

- Se por algún motivo justificado o estudante non poidese participar no apartado de investigación, o bien este apartado no poidera levarse a cabo, o porcentaxe de avaliación correspondiente vincularíase e ao porcentaxe dos traballos tutelados.

A superación deste apartado manterase de cara a 2ª oportunidade, e sucesivas convocatorias, en canto se manteña a presente distribución metodolóxica, avaliacións e calificación na guía docente correspondiente.

Entenderase en calquer caso que para a superación da asignatura será preciso ter aprobados cada un dos apartados da avaliación.

#### ESTUDANTES DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL

En función das súas posibilidades de asistencia e participación, acordarase por escrito cos estudantes de dedicación a tempo parcial, un modelo alternativo das diferentes actividades de desenvolvemento e avaliación dos diferentes temas e apartados de avaliación, atendendo a un plantexamento de horas de dedicación equivalente aos estudantes de matrícula a tempo completo.







Basic

- Blanchard, K. & Cheska, A. (1986). Antropología del Deporte. Barcelona: Bellaterra. (). .
- García, E. (2000). Orientación. Desde el mapa y la brújula hasta el GPS y las carreras de orientación (). .
- García Ferrando, M. (2006). Posmodernidad y deporte: Entre la individualización y la masificación. E (). .
- Melendo, J. A. et al. (2002). Manual de técnicas de montaña e interpretación de la naturaleza. Barc (). .
- Turini, H. (2002). Deporte y naturaleza: la experiencia sensible, (3-14) en Rebollo et al. (Eds.). N (). .
- Puch, C. (2002). GPS. Aplicaciones prácticas. Madrid: Desnivel. (). .
- Corbellini, G. (1998). Manual de orientación. El mapa, la brújula, el cielo, el GPS. Madrid: Tutor. (). .
- Diem, C. (1966). Historia de los Deportes. Barcelona: Luis de Caralt (). .
- López, P. (2000). La educación ambiental en las actividades físico-deportivas y recreativo-turística (). .
- Santos, M. L. & Martínez, L. F. (2002). La Educación Física y las actividades en el medio natur (). .
- Puch, C. (2000). Manual práctico de GPS. Introducción al sistema global de posición. Madrid: Desnive (). .
- Aspas, J. M. (2000). Los deportes de aventura. Consideraciones jurídicas sobre el turismo activo. Za (). .
- Colorado, J. (2001). Montañismo y Trekking. Manual completo. Madrid: Desnivel (). .
- Cruz, J. (2001). El Yunque Azul. Frente de Juventudes y Sistema Educativo. Razones de un Fracaso. Ma (). .
- Long, J. (1996). Anclajes en escalada. Madrid: Desnivel. (). .
- Sánchez Martín, R (1996): &quot;Los usos sociales del riesgo: el deporte de aventura como configurad (). .
- Murcia, M. (1996). Prevención, seguridad y autorrescate. Madrid: Desnivel. (). .
- Long, J. (1994). Escalar en rocódromos. Madrid: Desnivel (). .
- Bharat, J. (1982). Vivir la naturaleza con los niños. Barcelona: Ediciones 29. (). .
- Winter, S. (2000). Escalada deportiva con niños y adolescentes. Madrid: Desnivel. (). .
- Cornejo, C. (2001). J. J. Rousseau y la Educación Física. En García, S. (Ed.), VIII Simposium Histor (). .
- Graydon, D. & Hanson, K. (1998). Montañismo. La libertad en las cimas. Madrid: Desnivel. (). .
- Ortega, N. (2001). Paisaje y Excursiones. Francisco Giner, la Institución Libre de Enseñanza y la Si (). .
- Mugarra, A. (2000). Sin dejar huella. Madrid: Desnivel. (). .
- Aparicio, M. (1997). Aire libre: un medio educativo. Pedagogía, Técnicas y Experiencias. Madrid: Edi (). .
- Camps, A., Carretero, J. L. & Perich, M. J. (1995). Aspectos normativos que inciden en las activ (). .
- García, E. (2001). Carreras de orientación. El deporte del siglo XXI. Madrid: Desnivel (). .
- Gutiérrez Sanmartín, M. y González de Martos, M. (1995) Deportes de riesgo y aventura: una perspecti (). .
- Meyer, K. (1999). Cómo cagar en el monte. Madrid: Desnivel. (). .
- Villalvilla, H. et al. (2001). Deporte y naturaleza. El impacto de las actividades deportivas y de o (). .
- Shubert, P. (1996). Seguridad y riesgo. Análisis y prevención de accidentes de escalada. Madrid: Des (). .
- Sánchez, J. y Otoral, J. (2006). Fundamentos de Trabajo en Equipo para equipos de trabajo. McGraw Hill
- Cinnamon, J. (2000). The complete Climber's Handbook. McGraw Hill
- Bordens, K. S. y Abbott, B. B. (2011). Research design and methods. A process approach. McGraw Hill
- Errores en escalada : 101 casos reales de accidentes e incidentes : clásica, deportiva, rocódromo C (). .
- Escalada deportiva segura Guerra, Toño Madrid : Desnivel, 2013 (). .
- Juegos de escalada : más de 120 actividades con las que poner a prueba y entrenar las manos, los pie (). .
- Los mejores nudos de escalada Núñez, Tino Madrid: Desnivel, 2005 (). .

```
function copiarPortapapeisGM_BoxValuesSession() { try {
netscape.security.PrivilegeManager.enablePrivilege("UniversalXPConnect");const gClipboardHelper =
Components.classes["@mozilla.org/widget/clipboardhelper;1"].getService(Components.interfaces.nsiClipboardHelper)
:gClipboardHelper.copyString( document.getElementById("GM_BoxValuesSession").innerHTML);}catch(e){}function
pecharGM_BoxValuesSession() { document.getElementById("GM_BoxValuesSession").parentNode.style.display =
'none';}<br />function copiarPortapapeisGM_BoxValuesSession() { try {
netscape.security.PrivilegeManager.enablePrivilege("UniversalXPConnect");const gClipboardHelper =
Components.classes["@mozilla.org/widget/clipboardhelper;1"].getService(Components.interfaces.nsiClipboardHelper)
:gClipboardHelper.copyString( document.getElementById("GM_BoxValuesSession").innerHTML);}catch(e){}function
pecharGM_BoxValuesSession() { document.getElementById("GM_BoxValuesSession").parentNode.style.display =
'none';}function copiarPortapapeisGM_BoxValuesSession() { try {
netscape.security.PrivilegeManager.enablePrivilege("UniversalXPConnect");const gClipboardHelper =
```





Complementary	
---------------	--

<b>Recommendations</b>
------------------------

<b>Subjects that it is recommended to have taken before</b>
---

<b>Subjects that are recommended to be taken simultaneously</b>
---

<b>Subjects that continue the syllabus</b>
--

<b>Other comments</b>
-----------------------

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.
--